

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

#EAN12

**XII
ENCONTRO
DE ARTISTAS
NOVOS**

GAL

**28 AGO—
1 SET 2022**

**GAIÁS,
CIDADE DA
CULTURA**

 **XUNTA
DE GALICIA**

 **Xacobeo
21-22**



#EAN12 XII ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS 'CIDADE DA CULTURA'

Do 28 de agosto ao 1 de setembro de 2022

Santiago de Compostela

A Cidade da Cultura de Galicia converterase por duodécimo ano consecutivo nun espazo de encontro no que creadores e creadoras emerxentes terán a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais. Será no *XII Encontro de Artistas Novos, #EAN12*, que se celebrará do 28 de agosto ao 1 de setembro de 2022 na Cidade da Cultura de Galicia, Santiago de Compostela, coordinado unha edición máis por Rafael Doctor.

O *Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura'* busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes de Galicia e procedentes doutros lugares, ademais de poñer

en contacto os e as participantes con axentes do sector de eidos como a crítica e o comisariado, que participan no encontro como art followers. Como cada ano, o EAN traerá ao Gaiás a artistas cunha traxectoria recoñecida, como Tono Arias, Beatriz Lobo, Miguel Scheroff e Ana Esmith para compartir as súas experiencias e reflexións ao redor do mundo da arte.

Cada participante do EAN12 realizará unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal, que servirá de plataforma e escaparate das súas creacións.

O *XII Encontro de Artistas Novos* conta cun total de 40 prazas ás que poden optar profesionais nados/as entre 1987 e 2004 –ambos inclusive–, tanto estudantes e

O #EAN12 traerá ao Gaiás a artistas cunha traxectoria recoñecible, como Tono Arias, Beatriz Lobo, Miguel Scheroff e Ana Esmith



graduados/as en Belas Artes ou afíns, como todas aquelas persoas que demostren unha traxectoria ou proxecto artístico. Seguindo a senda iniciada en anteriores edicións do EAN, 10 das 40 prazas dispoñibles estarán abertas a artistas maiores de 35 anos, que deberán reunir os mesmos requisitos que as demais persoas candidatas. Con esta proposta, o EAN busca formular un diálogo con artistas de diferentes xeracións nun proceso creativo aberto.

A consecución dunha praza no EAN12 inclúe matrícula, estancia en réxime de pensión completa e transportes diarios desde Santiago ata a Cidade da Cultura.

O XII Encontro de Artistas Novos está organizado pola Xunta de Galicia

a través da Fundación Cidade da Cultura. Novamente, o EAN forma parte da programación do Xacobeo 21-22. Por isto, e tirando proveito da localización das Torres Hejduk na parte alta da aba do monte Gaiás que se abre cara ao Sar e do seu vencello visual directo co Camiño da Prata e a Catedral de Santiago, o Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, dirixido aos e ás participantes no EAN, terá como eixo os camiños xacobeos e profundará na relación entre a Cidade da Cultura e o Camiño de Santiago.



PROGRAMA

XORNADA BENVIDA

Domingo, 28 de agosto de 2022

16-20:30 h Recepción de participantes
21 h Cea de benvida

XORNADA I

Luns, 29 de agosto de 2022

09 h Almorzo
10-12 h Benvida institucional e percorrido
pola Cidade da Cultura
12-14 h Presentación artista convidado:
Tono Arias
14-16 h Xantar
16-17:30 h Foro Aberto I (catro participantes)
17:30-18 h Descanso
18-19:30 h Foro Aberto II (catro participantes)
21:30 h Cea

XORNADA II

Martes, 30 de agosto de 2022

09 h Almorzo
10-12 h Foro Aberto III (cinco participantes)
12-12:30 h Descanso
12:30-14:30 h Foro Aberto IV (cinco participantes)
14:30-16 h Xantar
16-18 h Presentación artista convidado:
Miguel Scheroff
18-20 h Foro Aberto V (cinco participantes)
21:30 h Cea

XORNADA III

Mércores, 31 de agosto de 2022

09 h Almorzo
10-11 h Presentación artista convidada:
Beatriz Lobo
11-12 Foro Aberto VI (cinco participantes)
12-12:30 h Descanso
12:30-14:30 h Foro Aberto VI (sete participantes)
14:30-16 h Xantar
16-17 h Presentación invitado especial:
Rubén D. Alves López
17-20 h Foro Aberto VII (cinco participantes)
21:30 h Cea

XORNADA IV

Xoves, 01 de setembro de 2022

10 h Almorzo
11-12 h Presentación artista convidada:
Ana Esmith
12 – 12:30 h Presentación do proxecto gañador do
Concurso de intervencións artísticas
nas Torres Hejduk do EAN11
12:30 -13 h Peche e entrega de diplomas
13 h Inauguración do proxecto gañador do
Concurso de intervencións artísticas
nas Torres Hejduk do EAN11

BIOGRAFÍAS

Director



Rafael Doctor Roncero

Historiador da arte, escritor, comisario e xestor cultural.

En 1998 crea e dirixe a revista *Apartado 14.479* e comeza a colaborar en diferentes medios de comunicación de arte contemporánea. Desde 1993 ata 2000 está a cargo da programación da sala de exposicións do Canal de Isabel II de Madrid onde comisaria varias exposicións de fotografía contemporánea e onde pon en marcha as *Jornadas de Estudio de la Imagen de la Comunidad de Madrid*, que dirixe nas súas primeiras sete edicións.

En 1997 asume a creación e dirección do Espacio Uno do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid, onde estará ata 2001 comisariando unha vintena de exposicións. Ese mesmo ano no marco da Bienal de Venecia comisaria a exposición *Ofelia y Ulises. En torno al arte español contemporáneo* e comezará a ser o encargado da programación artística e didáctica da Casa de América de Madrid.

Desde finais de 2002 ata principios de 2009 pon en marcha e dirixe o MUSAC, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León.

Comisaria a *Noche en Blanco* de Madrid en 2009 e en 2010 a *Noche de la Luna Llena* de Segovia.

Desde outubro de 2009 a outubro de 2010 é director da Fundación Santander 2016.

Desde 2011 ata a actualidade dirixe anualmente en Santiago de Compostela o *Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura*.

En todos estes anos imparte numerosas conferencias e cursos en Centros de Cultura e Universidades de España, Europa e América e é xurado dos premios máis importantes de arte nacionais así como autor de numerosos textos para libros de arte e catálogos.

En 2003 recibe a Medalla do Mérito Civil de parte do Ministerio de Asuntos Exteriores pola súa labor na expansión da cultura española.

É autor da novela *Masticar los tallos de las flores regaladas* (Almuzara 2006) e *La Tormenta de amor* (2013) e dos libros *Una historia (otra) de la fotografía* (Taller de Arte, 2000) e *Historias de la fotografía* (Taller de Arte, 2002).

En 2013 dirixe a publicación *Arte Español Contemporáneo. 1992-2013* (La Fábrica), primeiro libro sobre historia da arte española deste período.

Durante o período de 2017 a 2019 é director do Centro Andaluz de Fotografía, CAF, de Almería.

Na actualidade traballa como comisario independente, imparte cursos e obradoiros en diferentes institucións e é creador e director da editorial Los Doscientos, centrada en libros de artista e libros de historia da fotografía. Ademais, é fundador da plataforma Capital Animal desde a que se tenta unir a cultura, a arte e o pensamento ao redor da loita animalista.

Artistas



Tono Arias

Ducí, Allariz,
Ourense, 1965

Inicia o seu traballo como fotógrafo de prensa e documental no ano 1984 en Ourense. Desde entón, ten traballado en diversos medios de comunicación: Faro de Vigo, El Correo Gallego, Axencia EFE, El País, El Mundo, así como tamén en revistas como Intervú e Tiempo.

En 1992 crea xunto a outros socios a empresa Margen Fotografía, dedicada á fotografía comercial.

A partir de 2006 inicia nova etapa como fotógrafo independente, creando un estudio de fotografía onde realiza diversos traballos profesionais nos ámbitos da fotografía industrial, a publicidade, a moda, a arquitectura, a edición e o documental.

En 2012 nace o proxecto *Dispara* un espazo web e físico con vocación periférica sito na Estrada, Pontevedra. É un espazo expositivo, librería especializada en Fotolibros e editora, centro de impresión dixital e produción de exposicións. *Dispara* é un lugar destinado a reunir traballos fotográficos de carácter documental e artístico, e a servir de punto de encontro entre autores – consagrados e novos valores– para fomentar o desenvolvemento de proxectos culturais relacionados coa fotografía.

Actualmente forma parte de *A Colectiva*, asociación profesional de artistas en Galicia.



Beatriz Lobo

Madrid, 1975

Licenciada en

Belas Artes pola Universidade de Vigo, realiza unha estancia como estudante na George Enescu National University of Arts de Romanía, especializándose en pintura e escultura. Reside en Francia durante un período no que vai desenvolver o seu traballo como serigrafista, para trasladarse posteriormente a Berlín, cidade na que realiza a súa primeira exposición individual en 2013 (*Sexy Violence*, Galería Bootsbau).

Actualmente reside en Madrid, colaborando en diferentes proxectos con institucións como La Casa Encendida (Fundación Montemadrid), entre outras. Como artista visual participa en diversas exposicións colectivas, localizadas en lugares como Madrid, Berlín, Portugal e varias cidades galegas. Traballa tamén como deseñadora de portadas para selos musicais e editoriais literarias, colabora en proxectos radiofónicos e de artes vivas, así como no equipo de arte de producións cinematográficas.



Miguel Scheroff

Navas de Tolosa,
Jaén, 1988

Alarmado polo constante devir de novas aterradoras que chegan dos medios e a inquietante tensión na que a sociedade contemporánea parece balancearse, o traballo de Miguel Scheroff procura a través da pintura e a

instalación un modo de reflexionar acerca dos grandes conflitos universais e as súas devastadoras consecuencias. A súa obra emerxe en gran medida da angustia vital, a soidade, o desencanto –a “tristeza millennial”–, en busca dun razoamento aparentemente imposible ante a violencia, a apatía e as falsas promesas.

Mentres nas súas primeiras pinturas traballa con imaxes de rostros descarnados que mostran o sadismo humano, aliviados por unha luminosa mirada que convidaba á esperanza; nas súas últimas series pictóricas sérvese do traballo de grandes mestres/as da pintura clásica, apropiándose de escenas que trata de conectar con situacións do mundo contemporáneo, servíndose de iconas da cultura millennial e de cores acedas. Con este paralelismo trata de visibilizar como as loitas entre iguais se repiten ao longo da historia, levando á propia destrución e á dor colectiva.

Scheroff ten exposto en lugares como os Estados Unidos, Suíza, Alemaña, China, Italia, Marrocos ou México. Tamén participou en feiras nacionais como JustMad, Marte, Hybrid Art Fair, Art Madrid, Estampa, Ikas Art, Art Jaén, etc. Seleccionado na residencia de produción artística La Térmica CREADORES 2019, a residencia de produción artística Nautilus (Lanzarote), a residencia artística A Quemarropa (Alicante) ou o III Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura, recibiu recoñecementos como o I Premio “Carta Puebla” de Miguel Turra, o I premio internacional de pintura ciudad de Martos; II Premio Ateneo de Cáceres, Premio DESENCAJA 2011, I premio do certame de Artes Plásticas de Maracena; ou o Premio FIGURATIVAS 6.

Artistas



Ana Esmith

Madrid, 1976.

Ana Esmith é licenciada en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid e diplomada en Arte Dramática pola International Drama School Philippe Gaulier en Londres. Alí reside ao longo de máis de 15 anos e desenvolve unha carreira centrada sobre todo na creación de pezas propias para a escena londiniense, que alterna coa dirección de montaxes e a actuación.

A súa formación xornalística e artística únense da man no campo da performance con *Miss Beige*, a súa primeira exploración nun traballo non verbal.

Desde a súa creación en 2016 e o seu debut na Juan Gallery en Madrid, Miss Beige foi convidada a importantes feiras e festivais nacionais e internacionais como ARCO, JustMad, Hybrid, Marte en Castelló, Desvelarche en Santander, Fundación Mapfre e Club Matador en Madrid, Formentera Fotográfica, La Nit de L'Art Mallorca, XXXVIII Mostra Internacional de teatro e performance de Cangas-Galicia, Noite Branca de Benidorm, Noite branca de Oviedo, ArtJaen, SURGE Madrid, Chrom-Art en Londres, Museo Nacional de Navarra, La Encartada Moda en Bilbao, o Teatro Valle Inclán de Madrid, os Teatros del Canal, o festival de cinema RIZOMA en Matadero, "Encuentros con" en Caixaforum de Palma, Bcelona, Sevilla, Madrid, Zaragoza e tamén un debut na gran pantalla

na longametraxe *Rainbow* de Paco León, pendente de estrea.

A isto súmase a exposición monográfica *Miss Beige Taking The sTreeTs* –na galería Ponce+Robles, Madrid–, *Miss Beige a la vista* –na Galería Iskoo, Galicia–, a súa participación no II Gabinete de Resistencia, Madrid, oito instalacións performáticas –*La Miss Beige de MichelAngelo, Maison Beige, la familia crece, En la cama con Miss Beige, Se Nota, Se Siente, el Beige es Incluyente, Paseo En Glovo, Escondite Beige, Vis a Vis e Entreacto*– e un espectáculo que aúna a performance e a danza *Pas de Deux* xunto ao premio nacional, Chevi Muraday.

en contornas tecnolóxicas de información e comunicación.

Sabemos comunicar o que queremos? Pode un elemento audiovisual como unha imaxe ou un vídeo realmente transmitir o concepto, o sentimento ou a reacción que o/a artista desexa? É realmente necesario e inevitable estar presente nas redes sociais como medio de comunicación da produción artística? E en caso de estar presentes, estamos a facelo ben? Estas e outras moitas cuestións son ás que ten que enfrontarse de forma inexorable e repetitiva calquera axente do circuíto artístico á hora de comunicar.

Convidado especial



Rubén D. Alves López

Compaxina o seu labor docente en diferentes universidades nacionais e internacionais co seu amor pola arte. Esta paixón levouno a crear tres anos atrás unha conta en Instagram, @beninmadrid, como plataforma de promoción e divulgación de todo o que acontece na escena artística. No seu afán por dar a coñecer tanto a artistas emerxentes como consagrados queda patente a súa experiencia no campo do desenvolvemento de competencias comunicativas

Art followers



Nerea Ubieto

Licenciada en Historia da Arte

pola Universidade de Zaragoza, traballa como comisaria independente, xestora e crítica en diversas publicacións de arte. Actualmente é docente no Mestrado de Fotografía e Xestión de Proxectos de Efti e, a distancia, no Centro Cultural de España en Paraguai. Dirixiu o ciclo de obradoiros *A ver si nos aclaramos (Performance, Feminismos y Compromiso animal)* para o Ministerio de Cultura e colabora co programa cultural de televisión Metrópolis para o que realizou os títulos *Arte en Estonia, 1+1=1* e *Arte Entrometido*. Entre as súas últimas exposicións destacan: *Tensiones escópicas* en Etopia Centro de Arte y Tecnología de Zaragoza; *Mystery Magnet* no Museo Domus Artium de Salamanca, *Paisajes especulativos* no Museo de Teruel, *One Project* de Art Madrid ou *Artfulness* no Centre del Carme, Valencia.

Foi premiada en diversas convocatorias de comisariado e residencias internacionais: V.O. de comisariado de Valencia co seu proxecto *Artfulness*; Bolsa de Residencia no estranxeiro da Comunidad de Madrid, desenvolvida en HIAP (Helsinki International Artist Programme); o Exhibition Internacional Award do CPR outorgado pola artista Rirkrit Tiravanija; a bolsa para a residencia internacional Curatorial Program of Research en Estonia e Finlandia; Ayudas para la Creación Joven do Injuve co seu proxecto de comisariado "El barco de Teseo" (2014), exposición que posteriormente itinerou por diversos centros de AECID en

Latinoamérica (Managua, México e San Salvador).

Selección de exposicións en institucións e galerías privadas: *Return Flight Tickets* na galería Max Estrella (Madrid); *La amenaza invisible* en Sala Amadis (Madrid); *El lugar donde vivo* en Galería Ponce Robles (Madrid) ou *Keep calm and carry on*, inaugurada en Tabacalera Madrid e itinerante pola rede de centros culturais de AECID en Latinoamérica. *Empoderadas* na Casa da Muller de Zaragoza; *Space Nihilista* de Raisa Maudit en Swinton and Grant (Madrid); *La gota consume la piedra* de Olalla Gómez en Galería Astarté (Madrid); *La casa grande* de Jorge Panchoaga en Blanca Berlín Galería (Madrid); *Passenger* de Alejandro Maureira na galería Art Deal Project (Barcelona); *Kathatlón* de David Crespo na galería Cero de Madrid; *El barco de Teseo* na Sala Amadis; *Hide and Seek* na galería Silvestre; *In&out/Up&down* no espazo alternativo Salón; *Fronteras blandas* para PHE 2014 en Fundación Telefónica; *360 m2* na galería Astarté no marco de PHE 2014; *Black Hole* na Galería Factoría de Arte y Desarrollo (Madrid); *Uneasy Pleasure* en Matadero Madrid; *NEW/OLD LIFE* para Jugada a 3 bandas en Blanca Berlín; coordinadora da colección de libros de PHotoBolsillo de autores latinoamericanos da Editorial La Fábrica dirixida por Alejandro Castellote; coordinadora da exposición *Identidades cotidianas* en CentroCentro de Madrid; comisaria do espazo de arte emerxente 6 metros cúbicos en Blanca Berlín; co-Curadora e redactora dos textos da exposición *Tramas de Badri Lomsianidze* para o Ministerio de Cultura no Museo del Traje de Madrid.



Javier Díaz-Guardiola

Madrid, 1976. Xornalista e comisario de exposicións

Javier Díaz-Guardiola (Madrid, 1976) é licenciado en Xornalismo pola Universidad Complutense de Madrid. Iniciouse profesionalmente na Axencia EFE e o diario ABC, así como en diferentes gabinetes de prensa. Colaborador de publicacións culturais como Turia. Coautor do libro *Madrid Creativa. Diccionario de 200 artistas imprescindibles que trabajan en la Comunidad de Madrid* (CAM, 2007), e *Intransit. Un laboratorio universitario de creación* (Ediciones Complutense, 2019), así como autor de numerosos textos para catálogos. Unha das súas últimas participacións editoriais colectivas foi o texto "Odio a los niños", para o libro *Biografía*, da artista Concha Martínez Barreto (Ed. Micromegas, 2017).

Foi comisario de *Circuitos'08*, o programa de promoción da arte moza da Comunidad de Madrid, *En proceso: disculpen las molestias* (galería Raquel Ponce, 2010), *Matar al mensajero. Jóvenes artistas y medios de comunicación de masas* (Galería Fernando Pradilla, 2013), *Yoknapatawpha*, de Blanca Gracia, en Espacio Sin Título (2014-2015), *Courant*, con María Chaves e Jan Mathews en Factoría de Arte y Desarrollo (2020), *Vivimos el mejor de los tiempos. Estamos empezando a construir el Paraíso* (Palacio de Santoña. Madrid) e *¿Puedo dar de comer a los monos de Gibraltar?* (Espacio Sin Título. Cano Estudio. Madrid), as dúas de Aljoscha xunto á La Bibi Gallery (2021), e *Bodegones plastificados*, de Alejandro Calderón, en galería Estampa (2022). Tamén dos stands de ABC en ARCO'16,

Art followers

ARCO'17 (*Cada-VER Exquisito*), ARCO'18 (*Mano sobre mano*); ARCO'19, co proxecto *La memoria traidora*, de Fernando Bayona, e ARCO'22 (*Rostros*, de Germán Gómez). Ademais, é responsable das colectivas *Sólo es sexo* (G. Fernando Pradilla, 2016) e *Los pisolabis del Cuarto* (El Cuarto de Invitados, Madrid, 2016), cocomisario, xunto a Carmen González Castro e Nino Maza de *Rewind & Remaster* (galería 6mas1, 2017), e *Dar gusto al cuerpo*, en Visión Ultravioleta (2021).

Da mesma natureza, pero fóra do cubo branco, destacan os proxectos comisariados coas redes sociais como base de operacións, onde sobresaen *La familia Real. Al sol del membrillo*, co que se instaba aos artistas que quixesen colaborar a realizar un auténtico retrato da Familia Real low-cost, en 24 horas e moi por debaixo do orzamento pagado a Antonio López para a súa *Familia de Juan Carlos I*, e sete edicións de *Alégrame esas pascuas* (2016-2022), nun desexo de resucitar a tradición de felicitar as festas do Nadal a través de felicitacións artísticas. As tres últimas culminaron cunha exposición de 24 horas en Factoría de Arte y Desarrollo, co apoio en 2018 de Gunter Gallery. Tamén da versión estival desta proposta, co título *A veces llegan cartas*, un proxecto de arte postal que naceu en 2018 e que xa celebrou tres edicións entre 2019 e 2021. Formou parte, entre outros, do xurado do Premio Nacional de Artes Plásticas 2013, concedido a Carmen Calvo; do Premio de Arte Emergente Cervezas Alhambra 2020; dos equipos de asesores da IV, V, VII, VIII, IX e X edición dos Encontros de Artistas Novos Cidade da Cultura (dirixidos por Rafael Doctor), da I edición de Mustang-Confluencias (2014),

de residencias A Quemarropa (2016); da I edición Confluencias-Santander (2016), galardoada co V Premio Pecca; e dos visionados de portafolios de PHotoEspaña 2017 e 2018.

Na actualidade coordina as seccións de arte, arquitectura e deseño de ABC Cultural e é redactor-xefe de ABC de ARCO, a revista oficial da feira de arte contemporánea de Madrid. É autor do blogue de arte contemporánea *Siete de un golpe*.



Eduardo Valiña

Artista e comisario de exposicións independente.

Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Artista e comisario independente. Durante os anos 2001, 2002 e 2003 é co-comisario do *Proxecto Procesalia* para a USC no que participan artistas e institucións galegas, nacionais e internacionais. Asesor artístico e coordinador da galería Espacio 48 durante os anos 2002-2006. Dirixe, comisaría e coordina durante os anos 2001-2006 a Bial SACO Arte Contemporánea para o Concello de Sarria, Lugo.

Realiza comisariados noutras institucións como a Fundación Eugenio Granell, o CGAC, a Cidade da Cultura de Galicia, a Fundación Luís Seoane, o Museo provincial de Lugo, Cultura Cádiz –Castillo de Santa Catalina, o Centro Cultural Marcos Valcárcel, etc. Coordina proxectos en institucións como

o Museo de arte contemporáneo Esteban Vicente de Segovia ou a Fundación Caja Burgos, entre outras. Na actualidade traballa como Conservador xefe da Fundación Eugenio Granell de Santiago de Compostela.

Comeza a expor a finais dos noventa, centrando o seu discurso arredor da identidade, a cultura rural, a paisaxe humana e o territorio. Participa en diversas exposicións individuais e colectivas, tanto en Galicia como a nivel nacional, así como en Portugal, Cuba, Bruxelas, Romanía.... Destacan as exposicións *O espectáculo da periferia* para o Museo Barjola de Gijón e a Casa da Parra de Santiago de Compostela en 2009; *Páramo* no Museo provincial de Lugo en 2004; *Palafitos e Vender parcelas de ceo* no coro da Igrexa da Universidade, nos anos 2000 e 2001. En 2010 participa no proxecto de intervencións no medio natural da Ruta Fiz Vergara Vilariño, en Lóuzara, Samos (Lugo). Participa en diferentes proxectos de intervención como *Compañías convenientes* para a Fundación Cela, ou en distintas edicións da Bial Internacional de arte de Cerveira.

Colabora con diferentes iniciativas culturais, e ten presentado os seus proxectos en diferentes galerías, institucións e espazos culturais como DF, Espacio 48, Metro (Santiago de Compostela), Por amor a arte (Oporto), LX Factory (Lisboa), Jääl Photo Madrid, Off Limits (Madrid), O Armacén (Porto), República das artes (Vilanova da Cerveira), ou en Under the subway video art night (NY), entre outras.

BASES DA CONVOCATORIA

Obxecto

O Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia convoca 40 prazas gratuítas para a participación no *XII Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura* que terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela do **28 de agosto ao 1 de setembro de 2022**.

Características

As 40 prazas terán 2 ámbitos de participación:

1. Autonómico, mediante o que se concederán un 50% das bolsas a solicitantes nados/as ou residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Nacional/Internacional, no que o 50% das bolsas serán concedidas a solicitantes procedentes de fóra de Galicia (tanto do resto de España como doutros países).

Dentro do programa do *XII Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura* celebrarase o «Foro Aberto», no que os e as participantes terán a obriga de amosar os seus traballos mediante unha curta presentación a modo de conferencia de 10 minutos para a que achegarán o seu propio material audiovisual debidamente preparado e presentado con antelación. As presentacións realizaranse en español, galego ou inglés e en ningún caso a institución facilitará tradución simultánea.

Dotación

Os e as 40 participantes no *XII Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura* obterán unha dotación que inclúe:

1. Matrícula de inscrición.
2. Estancia en réxime de pensión completa desde o domingo 28 de agosto ata o xoves 1 de setembro de 2022 —ambas xornadas inclusive—.
3. Transportes diarios ata a Cidade da Cultura de Galicia.

Durante o tempo de goce desta dotación, cada unha das persoas seleccionadas estará cuberta por un seguro de enfermidade e accidentes.

Os desprazamentos a Santiago de Compostela desde o lugar de residencia e posterior regreso serán sufragados polas persoas beneficiarias.

Condicións

Poderanse presentar profesionais que nacesen entre 1987 e 2004, ambos os dous anos inclusive.

Reservaranse ata un máximo de 10 das 40 prazas a artistas maiores de 35 anos, tanto de Galicia como procedentes doutros lugares. A convocatoria é aberta e poderán concorrer a ela tanto estudantes e graduados/as en Belas Artes —e afíns—, como todas aquelas persoas que mediante a documentación

presentada demostren ter unha traxectoria ou proxecto artístico.

Se a solicitude provén dun colectivo, aquelas persoas integrantes do mesmo que quixesen optar a algunha das prazas deberán realizar solicitudes independentes.

Documentación

Para a obtención dunha das 40 prazas será condición non ter gozado dela en edicións anteriores do Encontro.

A persoa solicitante deberá presentar vía email (encontro@ciudadadacultura.org) a documentación detallada a continuación:

1. Boletín de inscrición. O boletín poderá descargarse en formato pdf na web www.ciudadadacultura.gal.
2. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
3. Curriculum Vitae abreviado —máximo 1 páxina—.
4. Dossier de presentación do traballo artístico en formato dixital —máximo 15 páxinas—.

A documentación entregada non será devolta aos seus autores/as.

BASES DA CONVOCATORIA



Prazo de presentación

O prazo de admisión de solicitudes e documentación finaliza ás **15:00 horas do venres 29 de abril de 2022.**

Non se aceptará documentación recibida con posterioridade a esta data.

Decisión e publicación

A listaxe de persoas admitidas será publicada na web www.cidadedacultura.gal o venres 13 de maio de 2022.

Formalización da inscrición

As persoas seleccionadas deben aceptar a súa participación vía correo electrónico indicando nome e apelidos e número de DNI ou pasaporte (segundo o sinalado na solicitude) no enderezo encontro@cidadedacultura.org antes do 19 de maio de 2022.

A ausencia desta confirmación será entendida pola organización como de declinación por parte da persoa solicitante e recorrerase á listaxe de suplentes.

A listaxe definitiva publicárase o 20 de maio de 2022.

Gravación e difusión de imaxes

As persoas seleccionadas que acepten a súa participación aceptan tamén a gravación e difusión da súa imaxe a través de medios en soporte papel ou dixital, así como das diferentes redes sociais das que a institución participe.

Aceptación das bases

A participación no *XII Encontro de Artistas Novos* supón a aceptación total destas bases. A institución resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nas mesmas.

Máis información

encontro@cidadedacultura.org
www.cidadedacultura.gal

Gaiás, Cidade da Cultura



A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores.

Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta "cidade" que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle:

Museo Centro Gaiás. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

Biblioteca e Arquivo de Galicia. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

Centro de Emprendemento Creativo. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

Centro de Innovación Cultural (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

O Edificio Fontán. O edificio Fontán acolle institucións destinadas á investigación, á mellora do sistema universitario e á innovación educativa. Promovido pola Xunta e inaugurado en 2021, financiouse con fondos do Goberno galego e unha achega do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Acolle a sede do Consorcio Interuniversitario de Galicia, a da Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia e o Centro de Investigación Interuniversitario de Paisaxes Atlánticas Culturais e, tamén, o Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit) do CSIC.

Espazos naturais. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario, o Xardín do Teatro e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.

Museo Centro Gaiás



Referente arquitectónico do século XXI, o Museo Centro Gaiás é un dos edificios máis singulares e con máis posibilidades de uso da Cidade da Cultura, que aspira a converterse no centro expositivo de referencia de Galicia.

A espectacularidade da súa fachada, con case 43 metros de altura, e os seus máis de 16.000 metros cadrados de superficie que inclúen espazos expositivos, almacéns e obradoiros, permiten ao Museo Centro Gaiás despregar unha oferta de actividades expositivas e dinamizadoras do sector cultural que o converten nun centro activo e en continua renovación.

O Museo Centro Gaiás conta cunha superficie expositiva de 6.600 metros cadrados, dividida en tres plantas superiores e un grande espazo multifuncional na planta inferior, na que é posible materializar retos expositivos de diversa natureza.

Desde a súa inauguración en 2012, o Museo Centro Gaiás ten colaborado con institucións culturais sobranceiras, entre as que se atopan o Centro Galego de Arte Contemporánea. CGAC, Daros Latinoamérica Collection, Fundación

Cisneros. Colección Patricia Phelps, Heeresgeschichtliches Museum, Manchester Art Gallery, Migros Museum fur Gegenwartskunst, Museo Arqueológico Nacional, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León. MUSAC, Museu d'Art Contemporani de Barcelona, Museo de la Catedral de Santiago, Musée D'Orsay, Museum of Modern Art. MoMA, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Museo Nacional del Prado, Museo Sorolla, Museo Thyssen-Borenmisza, National Museum Wales, Patronato de la Alhambra y Generalife, Real Fábrica de Cristales de la Granja. Fundación Centro Nacional del Vidrio, RijksMuseum, The Scott Polar Research Institute, Victoria and Albert Museum e importantes coleccións privadas.

Xacobeo 21•22

Desde a Idade Media, persoas de toda orixe e condición camiñan acotío cara a Santiago de Compostela polas rutas xacobeas. Avanzan traéndonos a súa cultura, a súa lingua e a súa idiosincrasia. Deixándonos, por tanto, a súa pegada, pero tamén recibindo algo de nós. A historia xacobeas en Galicia é unha historia de intercambio e de hospitalidade, unha historia de progreso, encontro intercultural e dinamización socioeconómica que, de xeito colectivo, tratamos de perfeccionar.

A cultura debe ser diversa, atractiva, integradora e respectuosa, incluíndo o dereito á acción e participación de todas as persoas. A realidade é plural e cada un de nós, pola nosa orixe e valores, tamén o somos. Desde esta certeza, Galicia construíu, a través do fomento de procesos participativos, un Xacobeo 21•22 que non deixa fóra a ninguén, que é a suma de todos os esforzos, persoais e institucionais, que conta coa Galicia moza e aposta pola calidade e a innovación.

Supón o número 120 dos Anos Santos Composteláns, despois de ter pasado 11 anos desde a celebración do último Xacobeo. Desde a Xunta de Galicia aproveitamos este fito para organizar unha conmemoración excepcional e diferente que volve conectar coa ilusión e co espírito do Xacobeo: cunha ampla programación que implicará a outras administracións de dentro e fóra de Galicia e tamén á cidadanía, que toma protagonismo activo a través de iniciativas propias que implican os máis novos.

Neste sentido, a cidadanía, como protagonista e axente receptor dos visitantes, debe percibir esta celebración como algo propio, mentres que todas as administracións, dende os concellos ata a Administración Xeral do Estado, deben implicarse e sumar as súas forzas facendo da colaboración interadministrativa outro dos eixos prioritarios do Xacobeo 21•22.

O Camiño de Santiago é desde 1987 o primeiro Itinerario Cultural Europeo, sendo un exemplo de historia e tradición común, dun espazo de encontro que achega valores positivos, que vertebra e une, enlazando pasado e presente e contribuíndo á construción europea.

Galicia e o Camiño érguense como referente e sinal de identidade que reforza o sentimento de pertenza común, e así se reflectirá na celebración do vindeiro Xacobeo, que será unha oportunidade única para xerar comunidade local, cohesión e sentimento de orgullo entre os galegos. Todo sen esquecer a importancia da sustentabilidade, dunha Galicia verde, pois recibir varios centos de milleiros de visitantes durante o Ano Santo debe ser compatible coa protección do medio, da paisaxe, das tradicións e dos seus valores.

En definitiva, o Xacobeo é unha celebración, pero tamén unha oportunidade de trazar o camiño da Galicia da próxima década, buscando deixar a súa propia pegada e un legado perdurable.

**#EAN12
XII ENCONTRO
DE ARTISTAS
NOVOS 'CIDADE DA
CULTURA'**

**Do 28 de agosto ao 1
de setembro de 2022**

**Santiago de
Compostela**



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 21-22